

# CARLOS CASARES

## NO PARLAMENTO DE GALICIA



Carlos Casares  
no  
Parlamento de Galicia



© PARLAMENTO DE GALICIA, 2017

COORDINACIÓN EDITORIAL E PRODUCCIÓN  
Editorial Galaxia, S. A.

FOTOGRAFÍAS

Arquivo do Parlamento de Galicia  
páxinas 28, 40, 60, 82

Xurxo Lobato  
páxinas 32, 36, 86

Manuel P. Rúa  
páxina 7

ISBN 978-84-7836-118-2

DEPÓSITO LEGAL: VG 662-2017

DESEÑO DE CUBERTA

Hayat Husein

CARLOS CASARES

Carlos Casares  
no  
Parlamento de Galicia

EDICIÓN

Henrique Monteagudo





Fotografía: Manuel P. Rúa

## PRÓLOGO

Que o Día das Letras Galegas de 2017 homenaxease a Carlos Casares constitúe unha ocasión excepcional para redescubrir o inmenso valor da súa obra escrita, mais tamén as diferentes iniciativas que protagonizou ao longo da súa vida, e non só no ámbito da literatura.

Carlos Casares é, xunto con Ramón Piñeiro, un dos dous únicos intelectuais homenaxeados no Día das Letras Galegas que foron deputados do Parlamento de Galicia. É certo que o Día das Letras acadou xa a súa 54 edición, mentres que o Parlamento de Galicia conta unicamente con 35 anos, aínda que nada diso resta transcendencia á coincidencia sinalada.

Para o Parlamento de Galicia é unha honra que a festa das letras deste ano teña como protagonista un ex-deputado autonómico, e desde a Cámara queremos sumarnos á celebración coa edición dunha recompilación das principais intervencións parlamentarias de Carlos Casares, as pronunciadas no Pleno.

Todas estas intervencións teñen o mesmo fío condutor, a defensa da lingua galega, o principal e máis valioso sinal de identidade do noso pobo.

Con esta edición, magnificamente contextualizada polo estudo introdutorio elaborado por Henrique Monteagudo, o Parlamento que Galicia quere render tributo á obra literaria de Carlos Casares, mais tamén, e sobre todo, á súa defensa incondicional do noso idioma e ao seu compromiso co país.

Pero, ao tempo, poñemos en valor o compromiso cívico do autor, que tomou forma coa súa decisión de concorrer ás primeiras eleccións autonómicas da historia de Galicia, contribuindo así á consolidación dunha democracia daquela aínda incipiente e á edificación da autonomía de Galicia, que daba os seus primeiros pasos.

Cantas persoas tiveron ocasión de compartir escano co deputado Casares Mouriño, nas sedes provisórias de Xelmírez e de Fonseca, destacan a súa xenerosidade e permanente predisposición para o acordo. Unha actitude que, máis de tres décadas despois, continúa sendo tanto ou máis necesaria ca entón.

MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA  
Presidente do Parlamento de Galicia

# CARLOS CASARES NA POLÍTICA: DO COMPROMISO INTELECTUAL Á ACCIÓN INSTITUCIONAL

HENRIQUE MONTEAGUDO

**N**on é este o lugar para relatar os antecedentes biográficos do compromiso político de Carlos Casares nin o autor destas liñas a persoa indicada para evocar as reviravoltas da política española e galega desde o tardofranquismo, ao longo dunha complexa transición, ata as primeiras eleccións autonómicas (1981). Non obstante, si que procede esbozar unhas liñas básicas que sirvan para situar o noso personaxe nun marco moi concreto, que é o que aquí nos interesa: a súa condición de deputado da primeira lexislatura autonómica de Galicia (1981-1985).

Canto aos antecedentes remotos, abonde aquí con lembrar que, desde os seus tempos como estudante na Universidade de Santiago de Compostela (1962-1967), Carlos Casares se involucrou no activismo democrático e galeguista, primeiro de carácter fundamentalmente cultural (1962-65) e máis tarde xa cun compromiso político máis decidido. Ao longo do ano en curso, en que se lle dedicou o Día das Letras Galegas, tense resalado, por caso, o seu papel na mobilización estudantil



compostelá do curso 1966-67, que lle valeu as primeiras represalias da ditadura, e o seu perfil público como intelectual antifranquista, que lle custou diversas sancións, incluso nos anos finais do réxime (1974)<sup>1</sup>. Ao longo deste período, Casares mantense nunha posición ideoloxicamente de esquerdas, que vai evolucionando desde un revolucionarismo vagamente guevarista cara á fascinación pola socialdemocracia sueca, sempre nunha perspectiva inequivocamente galeguista, de corte federalista e non nacionalista.

#### DAS PRIMEIRAS ELECCIÓNS XERAIS ÁS PRIMEIRAS AUTONÓMICAS (1977-1981)

A actividade política de Carlos Casares, polo menos desde 1977 ata a súa etapa como deputado, estivo guiada pola orientación de Ramón Piñeiro, quen gozou dun papel de liderado dentro dun grupo de intelectuais galeguistas que en primeiro lugar tentaron intervir directamente na vida política, incorporando algunhas figuras

1. Ademais da información resumida que se ofrece na biografía *Carlos Casares: un contador de historias* (Galaxia, 2017), poden verse o volume *Casares en Compostela. Universidade e literatura* (publicado pola USC co gallo do Día das Letras Galegas) e mais os traballos de Ricardo Gurriarán e Xosé R. Quintana na revista *Grial*: R. Gurriarán, “Carlos Casares. Anos de formación (1941-1969) I. Do frío da Limia á calor de Ramón Piñeiro ” (*Grial* 213) e “II. Da mesa braseiro á máquina de escribir: un autor en busca de personaxe” (*Grial* 214); X. R. Quintana e “Compromisos de Carlos Casares. Do antifranquismo á democracia” I (*Grial* 213) e II (*Grial* 214). Estes traballos terán continuidade nos vindeiros números da revista.

nas candidaturas unitarias ao Senado que se presentaron ás primeiras eleccións xerais (xuño de 1977) e, despois de fracasar nesa tentativa, acabaron por ter un certo protagonismo no encamiñamento do proceso autonómico e nos pasos iniciais da autonomía galega. De feito, os resultados dos comicios xerais de 1977 e 1979 puxeron de manifesto o escaso apoio electoral dos partidos nacionalistas en Galicia —que quedaron lonxe de obter representación— e a esmagadora hexemonía do centro reformista, nomeadamente, a Unión de Centro Democrático. Especialmente próxima ao noso autor, por razóns ideolóxicas, pero tamén persoais, foi a severa crise do Partido Socialista Galego, crise que en boa parte estoupou como consecuencia da frustración de expectativas que provocaron eses resultados electorais.

No medio da crise do Partido Socialista Galego, un sector deste, encabezado entre outros por Ceferino Díaz, decidiu adherirse ao PSOE (maio de 1978), inspirando unha corrente galeguista no seu seo. Ceferino Díaz e a corrente que lideraba, Colectivo Socialista, á que Carlos Casares e Ramón Piñeiro se sentían especialmente achegados, xogaron un papel de grande importancia no accidentado proceso estatutario galego. Para sermos sucintos e concretos e non afastarnos en demasía do noso autor, imos sinalar dous fitos senlleiros: o primeiro relacionado coa chamada “transición política” e o segundo coa autonomía galega<sup>2</sup>:

2. Algo xa deixamos escrito sobre este período da biografía do autor en *Carlos Casares. Un contador de historias*, pp. 101-107. No que vén a seguir guiámonos fundamentalmente do testemuño do propio Ramón Piñeiro (*Da miña acordanza*, Galaxia, 2002) e

1. *Manifiesto de marzo de 1977*. Perante a inminente convocatoria das primeiras eleccións multipartidistas ao Parlamento español (1977), un grupo de intelectuais proclama a necesidade dun entendemento entre os partidos democráticos que os comprometa para, por riba das lóxicas diferenzas programáticas, “defender os dereitos de Galicia como pobo con personalidade nacional”, propugnando como solución preferida o federalismo, e, se este non é posible, unha fórmula autonómica. Entre os asinantes, algúns con dilatada traxectoria histórica (Sebastián Martínez-Risco, Domingo García-Sabell, Ricardo Carballo Calero, Luís Seoane, Valentín Paz-Andrade...), Carlos Casares debía ser o máis novo. Este manifesto está, sen dúbida, relacionado coa conformación das Candidaturas Democráticas Galegas que se presentaron ao Senado polas catro provincias galegas, apoiadas pola case totalidade da oposición democrática (coa excepción do BNPG), que facilitaron a elección de Valentín Paz-Andrade pola provincia de Pontevedra, pero non conseguiron colocar ningún outro candidato

doutros dos participantes nos feitos desde posicións moi próximas, cando non plenamente coincidentes, a este: Ceferino Díaz (*A esforzada conquista da Autonomía, 1979-1981*, Galaxia, 2007, véxase especialmente as páxinas 169-173) e Miguel Barros (*Ramón Piñeiro e o revisión do nacionalismo galego*, 2 vols., Galaxia, 2009; especialmente o volume II *Acción Política*, pp. 567-612). Pódese ver tamén a fotobiografía que eu mesmo preparei: *Ramón Piñeiro. A vontade da intelixencia* (Editorial Galaxia / Fundación Penzol, 2015), especialmente as páxinas 108-119. Nesta última obra áchanse reproducidos a “Chamada aos partidos políticos de Galicia” de marzo de 1977 (p. 112) e o “Manifiesto de Realidade Galega” de marzo de 1980 (p. 113).

do galeguismo histórico (o propio Piñeiro, Del Riego, Isaac Díaz Pardo...).

2. *Manifesto dos 25 e colectivo Realidade Galega* (1979-1980). Despois da aprobación da Constitución Española (decembro, 1978) e das subsecuentes eleccións de marzo de 1979, a Unión de Centro Democrático, partido do Goberno, buscou un pacto co PSOE para tentar “racionalizar” o proceso autonómico, o que supuña aceptar un certo nivel de autogoberno para Euskadi e Cataluña (cos seus Estatutos de Autonomía xa elaborados) e rebaixar as capacidades do resto das potenciais comunidades autónomas, comezando por Galicia e Andalucía. En Galicia, unha comisión plural redactara, por encargo da Asemblea de Parlamentarios galegos, unha proposta bastante avanzada (*Estatuto dos 16*). Finalmente, os socialistas galegos conseguiron que o PSOE non se involucrase na manobra de limitación da autonomía galega, pero a UCD, que posuía unha ampla maioría en Galicia, cerceou a proposta dos 16 e aprobou, cos seus únicos votos (21-22 de novembro de 1979), na comisión Constitucional das Cortes, un proxecto de Estatuto claramente limitativo (*Estatuto da UCD* ou *Estatuto da aldraxe*).

A reacción política en Galicia non se fixo agardar. No ámbito do galeguismo histórico, o sinal dáo un contundente artigo xornalístico de Domingo García-Sabell: “Outro tempo comeza. Outro tempo debe comezar. [...] O tempo de dicir: non é que non nos entendades. É que non queredes entendernos [...]. É que mentides. Mentides como tramposos. Mentides como canallas” (*El Ideal Gallego*, 22-XI-1979). Ramón Piñeiro artella un novo manifesto (*Manifesto dos 25*), en que se declara:

“Un estatuto sen contido autonómico é, en si mesmo, unha farsa, unha burla”. Despois viñeron as grandes mobilizacións cidadás do 4 de Nadal. A partir do grupo que asina o *Manifesto dos 25*, o 6 de marzo de 1980 preséntase publicamente, cun novo manifesto, o colectivo Realidade Galega que tiña como obxectivo fundamental reconducir o proceso autonómico galego: “O erro cometido nas Cortes [...] deberá ser rectificadado antes do referendo mediante negociación dos partidos interesados na Autonomía” (comunicado de 11 de abril de 1980). Carlos Casares volve formar parte do núcleo iniciador e dirixente dese colectivo. Ao longo dos meses seguintes, Ramón Piñeiro xoga un papel clave como mediador entre o PSdeG-PSOE e a UCD, o que finalmente permite a revisión do proxecto Estatutario, que recibe o apoio dos partidos da oposición, nomeadamente o PSOE e o Partido Galeguista, e é sometido a referendo o 21 de decembro de 1980. O derradeiro manifesto de Realidade Galega (19 de decembro) consiste nun chamamento para participar no referendo, seguido dunha coda en que quince galeguistas históricos piden o voto afirmativo para o Estatuto.

3. *A participación nas eleccións autonómicas de 1981.* O propio Ramón Piñeiro relata nas súas memorias (*Da miña acordanza*, pp. 216-218) como a súa implicación en toda a complexa xestión da recondución do Estatuto de Autonomía o colocou no centro do taboleiro político, ata o punto de recibir ofertas da UCD, e máis especificamente do PSOE, para que galeguistas da órbita de Realidade Galega se presentasen ás eleccións nas súas listaxes. No mes de xuño de 1981, nunha xuntanza en que participaron el mesmo, Francisco Fernández del

Riego, Marino Dónega, Xaime Isla, Domingo García-Sabell, Andrés Torres Queiruga e Carlos Casares, decidiron colexiadamente aceptar as ofertas. Finalmente, só se concretou a participación nas listas do PSdeG-PSOE de catro galeguistas independentes: Carlos Casares (pola provincia de Ourense), Ramón Piñeiro (pola da Coruña), Benxamín Casal (por Lugo) e Alfredo Conde (pola provincia de Pontevedra). O compromiso intelectual de Carlos Casares traducíase nun compromiso político, pois, como dicía Ramón Piñeiro: “O papel político dos intelectuais na sociedade debe ser de independencia crítica. No caso concreto de Galicia e nesta circunstancia histórica, creo que deberan participar no desenvolvemento autonómico [...]. Con todo, é moi probable que para seguir sendo fieis a Galicia deban serguir loitando contra as manipulacións e as ‘montaxes’ dos políticos sen ideais” (*Argumentos*, xaneiro de 1981).

#### DEPUTADO NO PARLAMENTO DE GALICIA (1981-1985)

Celebradas as primeiras eleccións da autonomía galega o 20 de outubro, o Parlamento de Galicia constituíuse o 19 de decembro de 1981 no pazo de Xelmírez. A primeira legislatura pechouse o 20 de outubro de 1985, xa no pazo de Fonseca. Formaban parte dela 71 deputados, que, conforme o resultado das primeiras eleccións autonómicas de Galicia, no momento da constitución se repartían nos grupos parlamentarios de Alianza Popular de Galicia (26), Centrista de Galicia [Unión de Centro Democrático] (24), Socialistas de Galicia [Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE] (16) e mixto, á súa

vez conformado polos deputados do Bloque Nacionalista Galego-Partido Socialista Galego (3), Partido Comunista de Galicia (1) e Esquerda Galega (1). Despois do esfarelamento da Unión do Centro Democrático, producido após a derrota nas eleccións españolas de outubro de 1982, no grupo parlamentario de Centristas de Galicia quedarían soamente tres deputados, mentres que, a partir do grupo orixinal da UCD, se formaron os grupos Independente (12 deputados) e de Coalición Galega (9 deputados). Nesa primeira lexislatura, o presidente do Parlamento foi o deputado lucense Antonio Rosón Pérez, Mariano Rajoy Brey foi vicesecretario da mesa do Parlamento ata setembro de 1983.

O primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, foi elixido cos votos dos deputados de Alianza Popular e de UCD, máis tres galeguistas independentes (Ramón Piñeiro, Benxamín Casal e Carlos Casares), pero inicialmente gobernou co apoio exclusivo do seu grupo parlamentario. Após a desfeita da UCD, a principios de 1983, unha ducia de deputados centristas alcanzaron en marzo un acordo parlamentario con AP, que se plasmou nunha remodelación da Xunta para dar entrada a tres representantes do devandito grupo, entre os cales estaba Víctor Vázquez Portomeñe, que pasou a ser conselleiro de Educación en lugar de Francisco Cacharro Pardo.

Oito das corenta leis aprobadas na primeira lexislatura recibiron un amplo consenso. Varias delas tiñan unha significación moi especial, entre as cales salientamos catro pola súa relevancia simbólica: a Lei de normalización lingüística, a Lei do recoñecemento da galegitude, a Lei do Consello da Cultura Galega, a Lei de símbolos de Galicia

e a Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia. Carlos Casares foi deputado do Parlamento de Galicia durante toda a primeira lexislatura, como independente integrado no Grupo dos Socialistas de Galicia, e formando parte do núcleo dos catro galeguistas históricos que, como antes sinalamos, se presentaran ao Parlamento nas listas do PSdeG-PSOE: ademais del (que se presentara pola provincia de Ourense), Ramón Piñeiro (líder indiscutible do grupo), deputado pola provincia da Coruña; Benxamín Casal, pola provincia de Lugo, e Alfredo Conde, por Pontevedra. A valoración da presenza destes deputados na cámara galega que fixo un compañeiro de escano que aparecerá reiteradamente nas páxinas que seguen, Camilo Nogueira, é a seguinte:

A respecto da incidencia no movemento nacional galego creo que esa presenza tivo resultados contraditorios. Favoreceu a creación dun certo clima de entendemento, mais prexudicou o desenvolvemento dun galeguismo transformador. Durante a primeira lexislatura axudaron tamén a fomentar o uso do galego no Parlamento. Entre todos conseguimos que a lingua de uso normal na Cámara fose o galego. Como actores de iniciativas non tiveron un papel saliente. Dito isto co maior respecto e sen desmerecer para nada as súas contribucións (Rafael L. Torre, *Trinta anos do Parlamento de Galicia*, 2011; Camilo Nogueira, p. 52).

Independentemente do xuízo que mereza esta valoración, ou a propia achega dos galeguistas históricos á posta en marcha da autonomía, o que non se pode pór en dúbida é que axudaron a prestixiar a política galega e a lexitimar as institucións autonómicas, ao tempo que contribuíron poderosamente a normalizar o uso do galego na



Cámara. E, naturalmente, xogaron un papel de primeira importancia na aprobación de leis tan relevantes como a de normalización lingüística ou do Consello da Cultura Galega. Como se bota de ver nos textos que se inclúen no presente volume, ese papel puideron xogalo grazas a que conseguiron tecer unha rede de complicidades. A máis visible, patente nos propios textos, é a do parlamentario de Esquerda Galega, Camilo Nogueira, que acabamos de citar; menos visibles, pero moi eficaces, foron as doutros actores políticos. Citaremos só os dous nomes máis conspícuos, sen desmerecemento para outros moi importantes: o presidente do Parlamento (que antes fora presidente da Xunta Preautonómica, 1978-79), Antonio Rosón Pérez, veterano amigo de Ramón Piñeiro, e o propio presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, home vencellado de vello ao grupo Galaxia.

As intervencións recollidas no presente volume dan testemuño do labor “visible” de Carlos Casares no Parlamento de Galicia. Algún día, agardamos, terá que saír á luz o seu labor menos visible. De todos os xeitos, ao fío destas intervencións, pódense reconstruír os primeiros pasos da oficialización do idioma galego naqueles tempos de expectativa ante un novo tempo que se estaba abrindo e que algunhas (moitas?) persoas agardabamos que trouxesen nova vida ao noso pobo, á nosa terra e á nosa lingua.

#### AS INTERVENCIÓNS PARLAMENTARIAS

No presente volume recóllense oito intervencións parlamentarias do escritor homenaxeado, proferidas en

cinco ocasións distintas: o 14 de xullo de 1982 (nº 1 e 2), o 24 de novembro de 1982 (nº 3), o 23 de setembro de 1983 (nº 4 e 5), o 11 de decembro de 1984 (nº 6) e o 16 de abril de 1985 (nº 7 e 8).

1 / 2. Intervención de apoio á moción que instaba á realización dunha campaña de sensibilización sobre o galego e explicación do voto (14 de xullo, 1982).

3. Proposta de creación dunha comisión parlamentaria para a elaboración dunha Lei de normalización lingüística de Galicia, co gallo dunha proposición de lei presentada por Camilo Nogueira (24 de novembro, 1982).

4 / 5. Intervención contra a proposición non de lei de modificación do decreto sobre normativización da lingua galega e explicación do voto (23 de setembro, 1983).

6. Apoio a unha proposición de lei de desenvolvemento da Lei de normalización lingüística para o uso do galego no ensino, presentada por Camilo Nogueira (11 de decembro, 1984).

7 / 8. Intervención e réplica á comparecencia do conselleiro de Educación para informar da política lingüística desenvolvida pola Xunta de Galicia (16 de abril, 1985).

Como se ve, todas elas teñen relación coa política lingüística. Os contextos *parlamentarios* —subliñamos o adxectivo, pois explorar os contextos históricos esixiría un volume monográfico— en que se produciron cada unha desas intervencións van explicados nuns apuntamentos sumarios que preceden cada unha delas. Os propios textos levan notas, que procuramos reducir ao mínimo, para esclarecer referencias a persoas ou feitos que

cómpre coñecer para entender cabalmente o que o orador está a dicir. As intervencións do editor foron moi limitadas, actualizando algúns puntos formais da lingua, corrixindo grallas e emendando erros e lapsus evidentes. Como dixemos antes, o resultado final do volume constitúe unha achega de interese á primeira fase do proceso de desenvolvemento da política lingüística na Galicia autónoma.

INTERVENCIÓNS DE CARLOS CASARES  
NO PARLAMENTO DE GALICIA



Medalla de Carlos Casares  
da colección de arte do  
Parlamento de Galicia

ÁPOIO Á REALIZACIÓN DUNHA  
CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE  
O GALEGO E EXPLICACIÓN DE VOTO  
Á MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN  
DA DITA CAMPAÑA

*Comentario ás intervencións 1 / 2*

A intervención parlamentaria do 14 de xullo de 1982 prodúcese ao fío dunha moción do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de Camilo Nogueira Román (Esquerda Galega), “sobre política de normalización lingüística, a efectos de que pola Xunta de Galicia se proceda a unha campaña de concienciación pedagóxica e fomento do uso do galego no ensino”. A moción presentada tiña o seguinte teor<sup>1</sup>:

1. Publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 14, 8 de xuño de 1982, pp. 21-22. Á vista das intervencións do conselleiro e dos portavoces dos distintos grupos, Camilo Nogueira modificou a moción inicial, de xeito que quedou nos seguintes termos: “O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que, con independencia das medidas legais que se instrumenten,

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que, con independencia das medidas legais que se instrumenten, realice con urxencia unha campaña de concienciación pedagóxica, utilizando todos os medios, incluídos os medios de comunicación social, destinada a combater o estado de discriminación en que se encontra a nosa lingua, e a resaltar a necesidade do ensino en galego e do galego, a promover o galego como lingua propia de Galicia, máxima creación cultural do noso pobo ao longo da historia, e instrumento de progreso económico, social e cultural. Santiago, 30 de abril de 1982.

A Xunta de Galicia aprobara un decreto 81/1982, do 29 de abril, polo que regula o ensino da lingua galega nos niveis de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional. Tratábase da primeira norma legal da autonomía sobre esta cuestión, que desde tres anos antes viña sendo regulada polo Real Decreto de 20 de xullo de 1979, do Ministerio de Educación, de incorporación da lingua galega ao sistema de ensino, a que o decreto da Xunta de Galicia de 1982 dá continuidade. Por este decreto do Goberno español, a lingua galega pasaba a ser materia de ensino obrigatorio na educación preescolar, o ensino básico e a formación profesional de primeiro grao (segundo as denominacións de cada etapa educativa vixentes na época). Por outra parte,

realice con urxencia unha campaña de concienciación pedagóxica, utilizando todos os medios, incluídos os medios de comunicación social, destinada a promover o galego como lingua propia de Galicia, máxima creación cultural do noso pobo ao longo da historia, e instrumento de progreso económico, social e cultural". *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 13, p. 613. A moción non foi aprobada.

este decreto tamén prevía a posibilidade de que o galego fose empregado como lingua vehicular nos mencionados niveis educativos, “en atención á lingua materna dos alumnos, ás opcións manifestadas polos pais dos alumnos e aos medios de que se dispoña”<sup>2</sup>. Igualmente, prevíase a introdución do galego nas daquela denominadas Escolas de Maxisterio e nos institutos de Ensino Medio. Nos anos seguintes estoupou unha certa conflitividade arredor do asunto, incluso con sancións para ensinantes por causa do uso do galego nas aulas, ata o punto de que algúns incidentes deron pé a interpelacións parlamentarias<sup>3</sup>.

2. Citamos *apud* a compilación *Lexislación sobre a lingua galega*, Xunta de Galicia, 1984, pp. 9-11.
3. Véxase por caso un antecedente próximo á intervención que nos ocupa: “Interpelación de Camilo Nogueira Román do Grupo Parlamentario Mixto sobre política de normalización lingüística, medidas pra eliminación do conflito lingüístico a causa do uso do galego na actividade docente”. Publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 5, de 22 de marzo de 1982.





Sesión do primeiro Parlamento  
no pazo de Xelmírez

[APOIO Á REALIZACIÓN DUNHA  
CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN  
SOBRE O GALEGO]

*Diario de Sesións. Parlamento de Galicia* 13, pp. 607  
Sesión plenaria de 14 de xullo de 1982

**S** eñor presidente, señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario do que formo parte pensa que a moción presentada polo deputado señor Nogueira<sup>1</sup> é perfectamente asumible nos termos en que está publicada no número 14 do *Boletín Oficial* deste Parlamento<sup>2</sup>.

1. Camilo Nogueira Román (1936), fundador e dirixente de Esquerda Galega, polo que foi elixido deputado no Parlamento de Galicia na primeira lexislatura (e mais nas dúas seguintes). Como único deputado de EG, formaba parte do Grupo Mixto.
2. O texto da moción é o seguinte: “O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego para que, con independencia das medidas legais que se instrumenten, realice con urxencia unha campaña de concienciación pedagóxica, utilizando todos os medios, incluídos os medios de comunicación social, destinada a combater o estado de discriminación en que se encontra a nosa lingua, e a resaltar a

Penso que hai que distinguir dúas cousas moi claramente, e creo que sería vital que esta Cámara puxera moita atención en distinguilas: por un lado, o texto da moción, que —insistimos— cremos que é perfectamente asumible e, por outra parte, todo o que na intervención do señor Nogueira haxa de elementos ideolóxicos partidarios. O Grupo Parlamentario do que formo parte asume —xa digo— o texto tal como está publicado no *Boletín* do Parlamento, porque pensamos que é unha moción destinada a afianza-lo futuro da lingua galega, e nisto coincide cos propósitos que nos animan aos membros deste Grupo Parlamentario.

Por outra parte, penso que unha Cámara coma esta, que acaba de demostrar ao longo da súa breve existencia unha sensibilidade tan exquisita como ten demostrado ata agora respecto do problema da lingua, debería asumir, por parte dos grupos parlamentarios, esta moción que, en definitiva, como digo, se a reducimos aos termos nos que está publicada no *Boletín* número 14, é perfectamente asumible por todos. Eu escoitaba aínda hai poucos días con agrado e con esperanza ao señor

necesidade do ensino en galego e do galego, como lingua propia de Galiza, máxima creación cultural do noso pobo ao longo da historia, e instrumento de progreso económico, social e cultural. Santiago, 30 de abril de 1982. (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 14, 8 de xuño de 1982, pp. 21-22.)

3. Francisco Cacharro Pardo (1936-2015) foi senador de Alianza Popular pola provincia de Lugo desde 1977 e conselleiro de Educación do primeiro Goberno da Xunta de Galicia (1982-83), presidido por Xerardo Fernández Albor. Posteriormente, pasaría á presidencia da Deputación provincial de Lugo, que detivo desde 1983 ata 2007.

conselleiro de Educación, señor Cacharro Pardo<sup>3</sup>, nos seus criterios programáticos respecto da súa Consellería, en relación co que eles estiman que debe ser unha política educativa relacionada co idioma galego no noso país. Penso que eses criterios, aplicados con criterios realistas, poden conseguir afianza-lo futuro da nosa lingua, non deben estar alleos ou non deben permanecer alleos ao pensamento que nos inspira ao conxunto das persoas ou dos deputados que nesta Cámara apostamos pola defensa e polo futuro da lingua galega.

Neste sentido, insisto, os membros do Grupo Parlamentario Socialista asumímo-la moción do señor Nogueira nos termos en que está publicada no *Boletín* e esperamos que toda a Cámara, facendo gala da sensibilidade que ata agora demostrou, tendo en conta, ademais, que do que se trata, en definitiva, é de afianza-lo problema da lingua, tendo ademais en conta que os partidos políticos —e quen lles falta a vostedes é un deputado independente— teñen problemas abondos que separan perfectamente os seus criterios e as súas liñas de actuación, creo que en temas como o da lingua é perfectamente posible que actuemos con criterios conxuntos.

Moitas grazas. Máis nada.



Alfredo Conde,  
Ramón Piñeiro, Benxamín  
Casal e Carlos Casares

© Xurxo Lobato

[EXPLICACIÓN DE VOTO Á MOCIÓN  
PARA A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA  
DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O GALEGO]

*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 13,  
14 de xullo de 1982, p. 615  
Sesión plenaria de 14 de xullo de 1982

Señor presidente, señoras e señores deputados, o grupo parlamentario dos Socialistas-PSOE votou afirmativamente a moción do señor Nogueira porque entendemos que, tal como foi formulada en primeiro lugar por escrito, no *Boletín* número 14 deste Parlamento e, en segundo lugar, despois da segunda proposta do propio señor Nogueira, era perfectamente asumible por esta Cámara<sup>1</sup>. Pensamos que non se trataba de tomar medidas discriminatorias contra o castelán, non

1. Á vista das intervencións do conselleiro e dos portavoces dos distintos grupos, Camilo Nogueira modificou a moción inicial, de xeito que quedou nos seguintes termos: "O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que, con independencia das medidas legais que se instrumenten, realice con urxencia unha campaña de concienciación pedagóxica, utilizando todos os medios, incluídos os medios de comunicación social, destinada a

se trataba de apremia-lo Goberno para que urxira unha campaña en defensa do galego. Tratábase, única e exclusivamente, de votar unha moción que contemplaba a posibilidade de que o Goberno de Galicia fixera unha campaña de tipo institucional, encamiñada a desfacer determinadas barreiras e resistencias de tipo psicolóxico que aínda perviven no noso país en contra de algo tan elemental como é o uso do galego no ensino.

O problema non é o castelán. O castelán non ten, absolutamente, nin vai ter ningún problema neste país. Son moi poucas as persoas neste país que queren a desaparición do castelán, se é que hai algunhas que o queren. A inmensa maioría dos galeguistas non queremos que desapareza o castelán; facemos forza, única e exclusivamente, en que o galego se salve, e queremos que se salve o galego porque cremos que a súa desaparición comporta unha auténtica traxedia cultural pró noso país e mesmo pró patrimonio cultural europeo.

Por tanto, señores deputados, non se trata —insisto, e quero que quede ben claro— de que se tomen medidas en contra do castelán. O castelán queremos que perviva. Simplemente, aspiramos a que a xente do noso país, que durante tantos anos recibiu información errónea, información equivocada, moitas veces interesada e outras non, en contra da súa propia lingua, que poida recibir agora, con moitos menos medios, con medios moito máis escasos, nun espacio de tempo moito mais

promocionar o galego como lingua propia de Galicia, máxima creación cultural do noso pobo ao longo da historia, e instrumento de progreso económico, social e cultural”. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 13, p. 613.

curto, unha información que palíe e que, dalgunha maneira, poida evitar que sigan alimentando este prexuício de que aprendendo galego, ou estudando en galego, van ter dificultades na vida, poden ser considerados inferiores culturalmente, ou que simplemente non van poder encontrar traballo noutras áreas do Estado.

E eu quero aproveita-la ocasión para dicir aquí que son pai de dous nenos cos que, afortunadamente, sempre falei en galego, nunca me opuxen a que falaran castelán, falan en galego, falan en castelán e falan en sueco. E supoño e espero que se a planificación educativa do señor Cacharro Pardo é a que eu agardo que sexa poidan falar en inglés cando rematen o bacharelato. Non hai, en absoluto, dificultade ningunha para que os escolares galegos poidan acaba-lo seu bacharelato aprendendo e sabendo manexar perfectamente, en igualdade de condicións, o galego, o castelán, o inglés ou calquera lingua. A capacidade de aprendizaxe de idiomas sabemos hoxe tódalas persoas que nos dedicamos ao ensino que é practicamente ilimitada. Eu lamento que, por razóns de problemas intrapartidarios, que eu, como deputado independente, podo comprender, pero que me magoan intimamente, non saíra adiante esta moción.

Moitas grazas.





Carlos Casares co presidente Fernández Albor e o delegado do Goberno, Domingo García-Sabell

PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA  
COMISIÓN PARLAMENTARIA PARA  
A ELABORACIÓN DUNHA  
LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
DE GALICIA

*Comentario á intervención 3*

A intervención parlamentaria de Carlos Casares de 24 de novembro de 1982, a máis decisiva de tantas realizou, prodúcese en resposta á presentación por parte de Camilo Nogueira dunha proposición de Lei de normalización lingüística<sup>1</sup>. Como se pon de manifesto no propio texto da intervención, Casares recolle a iniciativa de Nogueira, pero reconduce no sentido de propor a creación dunha comisión (“ponencia”) parlamentaria, composta por representantes de todos os grupos, para que elaborase unha lei que chegase ao pleno

1. Publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 22, de 26 de xullo de 1982, pp. 36-51. Na mesma data publicouse tamén a proposición de Lei de normalización lingüística presentada polo deputado Claudio López Garrido (BNG/PSG): *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 22, de 26 de xullo de 1982, pp. 64-70.

co apoio máis amplo posible. Tanto Nogueira coma os distintos grupos parlamentarios aceptaron esta solución, e a partir de aí iniciouse o proceso parlamentario que conducirá á definitiva aprobación da dita Lei por unanimidade (en ausencia dos tres deputados da coalición BNG-PSG, suspendidos por negárense a acatar a Constitución e o Estatuto). A comisión parlamentaria, constituída no seo da Comisión Primeira, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, foi presidida por Xosé María Pardo Montero (Centristas de Galicia-UCD) e integrada por Xosé Luís Barreiro Rivas (AP), Antonio Olives Quintas (Centristas de Galicia-UCD), Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Ceferino Díaz (Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE) e Camilo Nogueira (EG). A proposición de lei elaborada por esta comisión foi estampada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* o día 17 de maio de 1983<sup>2</sup>. Despois de presentadas emendas, de tipo técnico (BOPG 106), publicouse o ditame da Comisión (BOPG 111) e días despois produciuse o debate en pleno e aprobación por unanimidade da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística<sup>3</sup>.

A achega máis importante de Carlos Casares como parlamentario foi o seu papel na elaboración e tramitación desta Lei, redactada, con certeza, tendo á vista a Lei de normalización lingüística de Cataluña, que fora apro-

2. *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 100, pp. 1968-1975.

3. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 40, 15 de xuño de 1983, pp. 2310-2328. Reproducido no libriño *Lei de normalización lingüística*, publicado polo Parlamento de Galicia en 1983. O *Diario* rexistra a ausencia xustificada do Pleno dos deputados populares Mariano Rajoy Brey e José González Dopeso.

bada o 18 de abril do mesmo ano. Entre os papeis do arquivo persoal do autor consérvase unha versión mecanografada dun borrador da LNL que contén numerosas anotacións redactadas do seu puño e letra, sen dúbida como ferramenta de traballo para as xuntanzas da correspondente comisión. Non obstante, a súa capital achega quedou invisibilizada, entre outras razóns porque na sesión parlamentaria de aprobación da LNL a intervención principal correu a cargo de Ramón Piñeiro, a quen Carlos Casares xentilmente cedeu, seguro que con moito gusto e un certo sentimento de xustiza histórica, o protagonismo.



Sesión do primeiro Parlamento  
no pazo de Xelmírez

[PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA  
COMISIÓN PARLAMENTARIA PARA  
A ELABORACIÓN DUNHA LEI  
DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
DE GALICIA]

*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 18,  
pp. 944-946  
Sesión plenaria de 24 de novembro de 1982

Señor presidente, señoras e señores deputados, unha vez máis chegan ao pleno desta Cámara os problemas da lingua, esta vez en forma de proposición de lei do deputado señor Nogueira Román<sup>1</sup>. De todos cantos problemas poidan entrar no Parlamento (ou cantos estean aínda pendentos de pasar a este Parlamento) estes da lingua son, sen dúbida ningunha, dos máis importantes e, polo que acabamos de ver, tal como se está planteando o debate, dos máis delicados. E independentemente da importancia intrínseca que teñan os problemas de normalización dunha lingua, ocorre que cando en paí-

1. Publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 22, de 26 de xullo de 1982, pp. 36-51.

ses coma o noso, onde témo-lo que os sociolingüistas chaman un “conflito de linguas”, se estes problemas non se resolven con delicadeza, con prudencia e intelixencia política, poden acabar converténdose en fontes de graves tensións e de conflitos sociais.

Do que hoxe tratamos todos aquí é de facermos unha lei de normalización lingüística. Supoño que ningún grupo da Cámara —e menos ca ninguén persoas que temos acreditada a nosa entrega á causa da lingua galega—, estaría disposto a que esta lei non seguira adiante, e nós, xa digo, penso ca menos que ninguén. O que pretendemos é que, cumprindo o mandato estatutario, a lingua galega recupere o seu estatuto social que tivo de lingua normal durante máis de seiscentos anos neste país. E porque a lingua galega foi unha lingua normal, queremos que o volva ser. E foi no transcurso da creación do estado moderno, é dicir, do Estado español moderno, cando o galego deixou de ser unha lingua normal para se converter nunha lingua subalterna. Este carácter subalterno reduciu o galego á simple condición e categoría de lingua oral, non escrita, e reduciuna nunha encrucillada histórica moi especial, é dicir, xustamente no momento en que a invención da imprenta ía potenciar dun xeito extraordinario a importancia da escritura. O galego converteuse, ante a importancia do castelán como lingua da escritura, aínda non oficial como lingua da escritura en Galicia, nunha lingua oral das clases iletradas do país.

No século pasado, como vostedes saben, un grupo de intelectuais e de políticos acometeron a tarefa histórica de lle devolver ao galego a vella condición de lingua escrita que tivera xa durante a Idade Media ata o Renacemento. Na primeira metade deste século outro

grupo de intelectuais e de políticos galegos levaron a cabo unha misión igualmente histórica, que foi a de devolverlle ao galego o seu prestixio social e a súa dignificación cultural. Penso que o papel da misión histórica que nos corresponde aos intelectuais e políticos galegos da segunda metade deste século é o de normalizar plenamente, é dicir, conseguir poñer as bases da plena normalización do galego.

Para logralo creo que contamos, en primeiro lugar, coa propia nobreza da causa que defendemos. Creo que poucas causas son máis nobres, máis fermosas cá defensa dunha lingua, sobre todo unha lingua que se atopa nunha situación tan delicada coma a situación pola que atravesamos o galego. Contamos tamén —e quero destacalo aquí en presenza de todos vostedes— coa sensibilidade social cada vez máis clara, cada vez máis repetidamente suposta —aludida recentemente aquí na intervención do señor Nogueira Román—, dos propios falantes. E tamén quero destacar aquí que contamos coa boa disposición desta Cámara. Recentísimamente aínda o señor Nogueira Román fixo unha proposición non de lei que se debateu no seo da Comisión de Cultura, e pese a que esa proposición de lei entrañaba non poucas dificultades de tipo regulamentario xurídico, a Cámara en pleno, é dicir, tódolos grupos parlamentarios desta Cámara presentes na Comisión, aceptaron a proposición, por unanimidade, do señor Nogueira.

Penso, entón que algúns fantasmas que flotaron aquí pouco antes da miña intervención deben desaparecer canto antes.

Por todo canto acabamos de dicir, nós pensamos que, dada a trascendencia do tema, o procedemento máis



adecuado para cumprírmolo mandato estatutario e a misión histórica que nos corresponde a todos é a de converternos tamén todos en protagonistas directos e principais do proceso de normalización xurídica e legal que ten que acometer esta Cámara, e que vai acometer, polo que vemos, inmediatamente.

O procedemento seguido polo deputado señor Nogueira é, dende o punto de vista formal, absolutamente impecable. Nós non imos actuar aquí como críticos dun procedemento que está claro xuridicamente e regulamentariamente. Agora ben, o señor deputado propoñente ten ademais o mérito que aquí se destacou por parte dun dos intervinientes e que ninguén lle pode negar, o mérito de se-lo primeiro que presente un proxecto de lei encamiñado a resolver tan transcendente tema; a nosa simpatía e o noso recoñecemento.

Sen embargo, nós coidamos que con ser correcto o procedemento, non nos parece o máis adecuado, e non nolo parece porque unha Lei de normalización da lingua galega debe ser unha lei de todos, independentemente de que esa lei sexa aprobada por todos no Parlamento, e debe selo porque nós somos da opinión de que dada a súa transcendencia histórica, dada a súa importancia social e dado o seu valor cultural, sobrepasa con moito (nisto creo que todos estamos tamén de acordo) os lexítimos dereitos tanto regulamentarios coma políticos de calquera grupo parlamentario que forma esta Cámara e que nós non lle imos discutir nin regatear. Por iso, a nosa proposición é a seguinte: Tendo en conta que unha Lei de normalización da lingua galega é unha lei de desenvolvemento básico do Estatuto, que o artigo 5 apartado 3 di: “Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e

oficial dos dous idiomas, e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural, informativa e disporán os medios necesarios para facilitalo seu coñecemento”, e tendo en conta igualmente que o artigo 126 do Regulamento, aquí xa citado, prevé, no seu apartado 2, que a iniciativa lexislativa nos casos de leis de desenrolo básico do Estatuto, pode ser exercida polos grupos parlamentarios, a través dunha ponencia conxunta, solicitamos do señor presidente unha interrupción breve do pleno para que, seguindo o procedemento regulamentario, previsto no citado artigo, a Mesa e a Xunta de Portavoces coa iniciativa de dous ou máis grupos parlamentarios, preferentemente de tódolos grupos parlamentarios, poidan poner en marcha esta modalidade conxunta de iniciativa parlamentaria.

Debo engadir, antes de rematar, que igual procedemento se seguiu no seu día no Parlamento de Cataluña, exactamente igual. Tamén quero dicirle ao señor Nogueira que as únicas razóns que nos moven a facer esta proposta son de orde puramente institucional, e que non queremos para nós ningunha clase de protagonismo, menos un protagonismo que poida parecer que llo negamos a el. Por iso, anuncio, e xa dende agora, que pese a que regulamentariamente o grupo parlamentario ao que eu pertenzo conta con ese 5 por cento —do que xa falou o señor Piñeiro— para utiliza-lo procedemento, xa antes anunciado, de que se nomee unha comisión conxunta, non imos facer uso deste privilexio ou deste dereito que temos. Simplemente pensamos que unha lei coma esta debe ser iniciada lexitimamente a través dun procedemento extraordinario. Creo que o require o decoro da Cámara e a importancia dunha lei semellante. Eu apelo á

xenerosidade do señor Nogueira para que entenda estas razóns que nós aquí expoñemos. En todo caso, para que vexa a limpeza e a absoluta transparencia da nosa actitude, anúnciolle xa, desde aquí, que se non se acepta a nosa proposta conta de antemán co noso voto favorable á súa proposición de lei.

Moitas grazas.

INTERVENCIÓN CONTRA A PROPOSICIÓN  
NON DE LEI DE MODIFICACIÓN  
DO DECRETO SOBRE NORMATIVIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA E EXPLICACIÓN  
DO VOTO

*Comentario ás intervencións 4 / 5*

**A** intervención na sesión plenaria de 23 de setembro de 1983 prodúcese no medio dun debate relativo ao decreto 173/1982, de 17 de novembro, sobre normativización da lingua galega<sup>1</sup>. Este decreto da Xunta de Galicia declaraba oficiais as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega nunha sesión conxunta de ambas as institucións celebrada o 3 de xullo de 1982. Tales *Normas* (NOMIG) foran elaboradas por unha comisión formada polos académicos Ramón Piñeiro, Andrés Torres Queiruga e Carlos Casares en representación da Real Academia Galega, e os

1. Reproducido en *Lexislación sobre a lingua galega*, 1984, 30-31, e mais en *Normativización da lingua galega*, Xunta de Galicia, 1983, XV-XVIII, por onde citamos.

profesores universitarios Antón Santamarina Fernández, Ramón Lorenzo Vázquez e Rosario Álvarez Blanco, en representación do Instituto da Lingua Galega. As NOMIG por unha banda respondían a unha necesidade sentida cada vez con máis forza polas principais editoras, o profesorado e a maioría dos escritores galegos, e que a oficialización do galego e a xeneralización da súa aprendizaxe no ensino facían imprescindibles. Pero por outra banda nacían no medio dunha ardente polémica, que co paso dos anos se íría acedando, alimentada sobre todo por un sector reintegracionista ou lusista (intelectualmente liderado por Ricardo Carballo Calero), co apoio máis ou menos declarado de dirixentes, militantes e organizacións nacionalistas, entre os cales se contaba o deputado Camilo Nogueira Román.

As devanditas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* foran, como se dixo antes, oficializadas mediante decreto da Xunta de Galicia. Nese decreto indicábase o seguinte:

ARTIGO CUARTO. As normas aprobadas polo presente Decreto son de ensino obrigado en tódolos centros escolares de Galicia sobre os que teña competencia a Comunidade Autónoma e esténdense a tódalas áreas e actividades.

ARTIGO QUINTO. Os libros e material didáctico que deban ser autorizados conforme á normativa vixente deberán axustarse ás normas aprobadas polo presente Decreto. [...]

ARTIGO SÉTIMO. A Xunta de Galicia poderá autorizar aquelas publicacións que total ou parcialmente se aparten da normativa aprobada, tendo en conta razóns de índole histórica, didáctica ou outras semellantes, e sempre que obedezan ao criterio de respectar textos literarios ou doutra natureza que foron publicados antes da entrada en vigor da presente norma.

O rango oficial destas *Normas* quedou indirectamente reforzado pola Lei de normalización lingüística, aprobada polo Parlamento de Galicia, como vimos, o 15 de xuño de 1983. En efecto, esta lei contén unha disposición adicional referida á normativa lingüística, que estipula: “Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega [...]”. Precisamente, cando se someteu ao Pleno a aprobación da antedita Lei, Camilo Nogueira expresara o seu desacordo con esta parte da Disposición adicional, que se plasmou nun voto de abstención, explicado nestes termos: “Nós non estamos en contra de que sexa a Real Academia Galega xustamente a autoridade que faga autoridade respecto da normativa [...]. En cambio, non compartímo-la postura política que tivo a RAG na normativa hoxe oficial e vixente” (*Diario de Sesións* 40, p. 2315). Nesa liña, Camilo Nogueira presentou unha proposición non de lei para modificar o artigo sétimo do decreto de normativización de 17 de novembro de 1982, nos seguintes termos:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a modificar o artigo sétimo do decreto do 17 de novembro sobre a normativización da lingua galega, eliminando a última frase e ficando así: “A Xunta de Galiza poderá autorizar aquelas publicacións que total ou parcialmente se aparten da normativa aprobada, tendo en conta razóns de índole histórica, didáctica ou outras semellantes”<sup>2</sup>.

2. *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 120, de 16 de xuño de 1983, pp. 2284-2285.

Loxicamente, como membro que fora da comisión académica que elaborara as NOMIG, Carlos Casares defende o seu rigor filolóxico e os criterios en que se asentán, subliñando o seu carácter didáctico e sen descartar que no futuro se poidan dar pasos adiante na adopción de solucións máis próximas á ortografía portuguesa. Canto á proposta de Camilo Nogueira, Casares rexéitaa porque entende que abre o camiño para introducir nos centros educativos as polémicas ortográficas, o que xulga totalmente inapropiado e teme que conduciría a un caos. Na explicación de voto, Carlos Casares rebate o argumento de que o decreto de normativización supuxese unha limitación da democracia ou unha falta de respecto ás minorías.

[CONTRA A PROPOSICIÓN NON DE LEI  
DE MODIFICACIÓN DO DECRETO SOBRE  
NORMATIVIZACIÓN DA LINGUA  
GALEGA]

*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 49,  
pp. 2922-2925  
Sesión plenaria de 23 de setembro de 1983

Señor presidente, señoras e señores deputados, na proposición non de lei do señor Nogueira hai dúas partes claramente diferenciadas, quizais non na exposición tal como acabamos de escoitar aquí, pero si polo menos no texto que aparece publicado no *Boletín* do Parlamento<sup>1</sup>.

1. O texto é o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar o artigo sétimo do decreto do 17 de novembro sobre a normativización da lingua galega, eliminando a última frase e ficando así: ‘A Xunta de Galiza poderá autorizar aquelas publicacións que total ou parcialmente se aparten da normativa aprobada, tendo en conta razón de índole histórica, didáctica ou outras semellantes’”. (Publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 120, de 16 de xuño de 1983, pp. 2284-2285.)



Na primeira parte, o señor Nogueira introduce unha serie de matices que poden inducir a pensar ou a dubidar da eficacia e seriedade filolóxica ou lingüística da normativa oficial vixente. Eu, que fun membro da Comisión encargada de redactar estas normas, quero dicir aquí, ante a Cámara, unha serie de cousas que creo que poden introducir claridade para comprende-lo problema nos seus xustos termos. É un problema serio, sobre todo se se desorbita, ou se se trata sen coñecer tódolos datos, non só sociolingüísticos, senón tamén exclusivamente filolóxicos que interveñen na súa elaboración.

Estas normas foron elaboradas conxuntamente pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, non coa pretensión de que se convertesen en normas oficiais da lingua galega. Pero dábase a casualidade de que o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega —as únicas institucións oficiais que en Galicia tiñan responsabilidade sobre a lingua— acordaron unha unidade de criterios, posto que estas normas eran masivamente seguidas por tódolos escritores, ou pola inmensa maioría dos escritores, pola maioría dos ensinantes de Galicia, periodistas, etc. Entón, dado que as diferenzas que existían entre ámbalas normas eran de matiz, eran mínimas, acordouse unha unificación.

Posteriormente, a Xunta de Galicia, á hora de encontrarse fronte ao problema grave de que o galego, convertido en lingua oficial, ou cooficial, necesitaba imperiosamente unha normativa, elixiu esta norma, por considerala a máis axeitada ás necesidades actuais. Eu creo que a Xunta de Galicia elixiu ben, porque estas normas son as que teñen un rigor científico indubidable. Non son unhas normas calquera, son as mellores que

hoxe se lograron en Galicia. E son as normas mellores, en primeiro lugar, porque a idea é da propia Comisión, facendo exclusión de quen fala. Na Comisión encargada de redactar estas normas traballaron dous catedráticos de Lingüística, o catedrático de Lingua e Literatura da Universidade de Santiago, máis un equipo de profesores que coincidiron na elaboración do *Atlas lingüístico de Galicia*, que é o material básico, indispensable para elaborar calquera normativa ortográfica e morfolóxica.

Polo tanto, non hai dúbida de que estas normas teñen a garantía absoluta de que foron elaboradas con criterios científicos que poden ser discutibles nos seus matices, pero non nos seus principios.

Por outra parte, esta Comisión encargada de elabora-las normas lingüísticas e ortográficas do idioma galego actualmente vixentes, tiña, ademais de preocupacións exclusivamente filolóxicas, outras preocupacións máis directamente relacionadas co que podíamos chamar unha política, no sentido máis amplo da palabra, do galego.

¿Cales foron os obxectivos que perseguía o equipo redactor destas normas? En primeiro lugar, o obxectivo final, que era a recuperación do galego como lingua de Galicia. Unhas normas que non teñan isto como obxectivo final, non teñen interese real para ser convertidas en normas oficiais do idioma galego. Se as normas non son un vehículo que propicie a normalización do galego e se converten nun atranco para ela, non deben se-las normas oficiais do idioma galego. Porque se o Decreto de Normalización establece como fin a normalización do idioma, é dicir, que o idioma volva ser unha lingua normal en Galicia, debemos a través das normas propiciar este obxec-

tivo final; pero se as normas o impiden, naturalmente, non deben ter este carácter oficial que teñen as actuais.

Por outro lado, non calquera norma é lexítima. Pode selo calquera desde o punto de vista dos principios nos que se inspira ou da metodoloxía coa que se elabora; cientificamente pode ser calquera respectable. Pero non lexítima no sentido de que se unha norma, por exemplo, non parte do principio elemental de respecta-la lingua que trata de normativizar, realmente será unha norma que terá interese como experimento filolóxico, ou lingüístico, pero que non estará encamiñada á recuperación da lingua.

Poño exemplos concretos. Os membros da Comisión somos conscientes de que as ortografías son, ou poden ser, arbitrarias, poden ter certos límites. O desiderátum de toda ortografía é recoller fielmente a fala, é dicir, a fala tal como existe en si. Estas normas creo que recollen fielmente a fala tal como existe e, ademais, estas normas recollen aquilo que é especificamente galego, que non é castelán nin portugués. Nalgúns casos o galego ten solucións que coinciden nos tres idiomas, nalgúns casos a solución lingüística e fonética do galego, do castelán e do portugués é a mesma. Por exemplo: *abundancia*, *distancia*, son palabras exactamente iguais nas tres linguas. Pero por manterme dentro desta solución concreta deste sufixo, direille que o galego e o portugués coinciden, por exemplo, neste mesmo sufixo cunha solución nova que é común co portugués pero que non ten nada que ver co castelán, por exemplo, a palabra *cobiza*.

E finalmente, o galego ten solucións específicas del, que non son nin galegas nin portuguesas. Por exemplo, os galegos dicimos *xuício* e os portugueses din *juízo*.

E unha solución diferente da galega; neste caso diferente da galega e do castelán.

Os que elaboraron esta normativa coñecían que había eleccións como, por exemplo, a de introduci-lo dígrafo de <lh> e <nh> para reproducir-lo que hoxe utilizamos como <ll> ou <ñ>. Isto é malo en si? É absolutamente indiferente. É dicir, ¿que ten de bo? Pois, probablemente que nos aproximariamos a unha ortografía común co portugués e co brasileiro. Creo que ningunha persoa razoable se oporía a que algún día o galego puidese utilizar <lh> e <nh>. Creo que é un problema absolutamente menor. Da mesma maneira que non nos oporíamos —quero dicir no terreo dos puros principios, outra cousa é a práctica— a que se utilizase <j> e <g> para escribir *xaneiro* ou para escribir *xente*. Todo isto no terreo dos principios.

Agora ben, respecto do obxectivo final, que é a recuperación do galego como lingua, pensabamos que este tipo de solucións, que poden ser moi lexítimas no terreo dos principios, constituían unha barreira practicamente insalvable, para o que vai se-lo campo de actuación máis importante das normas, que é o ensino.

É dicir, ¿como nós podemos gravar na cabeza dun neno que o que hoxe comodamente se soluciona escribindo <x> hai que escribilo de tres maneiras distintas: *xaneiro* con <j>; *xente* con <g>; e por exemplo, *xarda* ou calquera outra palabra con <x>? Por que? Ben, porque *xaneiro* en latín escribíase con <j>; *xente* en latín escribíase con <g>; e *xarda* ten unha etimoloxía que obriga a que leve <x>. Creo que é unha complicación innecesaria. Do mesmo xeito que creo que é absolutamente complicado introduci-la acentuación portuguesa. É dicir, os portu-

gueses, como vostedes saben, acentúan a palabra *conciencia*, porque a consideran esdrúxula, acentúan a palabra *Antonio* porque a consideran esdrúxula tamén. Naturalmente, nuns nenos que van estar nunha escola, na que teñen inmediatamente ao lado o castelán, que tamén teñen que estudar, sería —penso eu— un atranco, ou practicamente unha trampa, obrígalos a acentuar *conciencia* na clase de 9 a 10, e retirarlle o acento na clase de 10 a 11. Penso que este criterio pedagóxico é absolutamente atendible.

Polo tanto, creo que neste primeiro nivel que nos preocupa hoxe, de recuperación do galego como lingua propia de Galicia, as normas ortográficas vixentes —e digo para que non quede flotando na Cámara complexo de ningún tipo— son as normas que teñen validez científica, que teñen o respaldo da Universidade, da Real Academia Galega, son as normas que recollen ou tratan de recolle-la realidade da lingua sen prexuícios nin castelanismos, nin portuguesistas, e que, ademais, tratan de facilitalo que é máis importante: a aprendizaxe da lingua.

Non hai inconveniente —e xa digo que non creo que ningunha persoa razoable o teña— en que nun futuro pensemos nun paso ulterior, que se trata de adecuar ou, dalgunha maneira, mellorar estas normas ortográficas, buscando aqueles puntos de coincidencia que podamos ter coa ortografía portuguesa. Ningunha persoa razoable se pode pechar a isto. Tanto a Lei de normalización lingüística, na súa Disposición adicional, coma o propio Decreto publicado o 17 de novembro pola Xunta de Galicia, prevén a posibilidade de revisión das normas ortográficas. Ningunha norma ortográfica, naturalmente, pode ser pechada. Non hai ningunha norma ortográfica

no mundo que o sexa. Todas son revisables, e a galega ten previstos os cauces xurídicos e legais para que se poida revisar en función do proceso normalizador. Pero penso que sería unha irresponsabilidade introducir neste momento barreiras adicionais para o que é o máis importante: a recuperación do galego. Con estas normas podemos recupera-lo galego, con estas normas non se castelanza o galego, e con estas normas, calquera persoa pode escribir coa garantía absoluta de que o está facendo nun correctísimo galego, que non están escribindo nin en galego españolizado, nin noutra cousa rara.

Respecto da proposta específica do señor Nogueira, penso que realmente non se trata dunha supresión inocente. Cando o señor Nogueira propón suprimir tres liñas do artigo sétimo do Decreto, non sei, pero non se poden xulga-las intencións da xente. En todo caso xa lle confeso ao señor Nogueira que eu creo na súa rectitude de intención, pero non hai dúbida ningunha de que esta supresión invalidaría totalmente o Decreto. O artigo sétimo di taxativamente unha cousa: que se poden aceptar textos que estean escritos na normativa anterior. É dicir, nunha normativa distinta da oficial, mesmo textos completos. ¿Que quere dicir isto? Quere dicir que se hai unha obra literaria escrita nun galego que non é oficial, como a inmensa maioría das obras literarias publicadas, esa obra literaria pode ser utilizada como instrumento de traballo nunha escola ou nun centro docente; iso está claro. Agora ben, as tres liñas din clarísimamente que sempre que obedeza ao criterio de reproducir textos literarios anteriores á norma. Pero tal como quere deixar vostede o artigo sétimo, permite introduci-lo caos na escola. É dicir, permite que se experimenten cos

nenos outras normativas ortográficas. É o neno, neste caso, o suxeito que ten o dereito a aprende-lo idioma, non a que os profesores trasladen ás escolas un problema que non ten nada que ver co neno. É un problema filolóxico que o debemos discutir entre os filólogos fóra das escolas.


Respecto da primeira parte da súa exposición no *Boletín*, señor Nogueira, tranquilízoo dicíndolle que o Decreto non imposibilita, nin sequera vai impedir, de ningunha maneira, que se poida seguir discutindo o problema dunha futura reforma da ortografía, dunha futura integración de distintas propostas ortográficas. Non pecha a porta a iso. ¿Por que? Porque iso é un problema absolutamente libre, sobre o que a Xunta de Galicia non ten xurisdición de ningún tipo. A Xunta de Galicia ten xurisdición sobre os textos oficiais dela dimanados, e sobre os textos do ensino, exclusivamente. Que calquera filólogo, ou calquera aficionado queira publicar en galego distinto do oficial é algo sobre o que a Xunta de Galicia non ten posibilidade ningunha de exercer capacidade coercitiva de ningún tipo. Polo tanto, queda aberta a posibilidade de seguir investigando e seguir discutindo pero, ¡por favor! ¡que sexa fóra das escolas, non dentro delas.

E para que o señor Nogueira vexa que non entendo mal as súas palabras, voulle ler exactamente, tal como aparece no *Boletín*, cal é o fin último da súa proposta. Di: “Tal como está formulado o proxecto citado parece prohibir expresamente toda experiencia de coñecemento e uso no ensino de normas cultas distintas”. Naturalmente, os centros de ensino non son lugar para discuti-las normas cultas. As normas cultas discútense

nas academias, nas facultades. Nin sequera creo que se deberan discutir nos periódicos, aínda que iso non se pode impedir, de ningunha maneira. Creo que as normas non se discuten cos nenos; as normas discútese entre filólogos ou entre cidadáns adultos. Polo tanto, creo que se a intención —claramente exposta— é tratar de conseguir que as normas distintas da oficial poidan ser introducidas no ensino, o noso grupo parlamentario claramente votará en contra da proposición non de lei.

Moitas grazas.





Carlos Casares  
e Ramón Piñero

[EXPLICACIÓN DE VOTO EN CONTRA  
DA PROPOSICIÓN NON DE LEI  
DE MODIFICACIÓN DO DECRETO SOBRE  
NORMATIVIZACIÓN DA LINGUA  
GALEGA]

*Diario Oficial do Parlamento de Galicia* 49, p. 2933  
Sesión plenaria de 23 de setembro de 1983

**O** noso grupo parlamentario obviamente votou en contra da proposición non de lei do señor Nogueira, por todo canto expuxen desde a tribuna.

Pero ademais quero aproveitar esta oportunidade para dicir que se nalgún momento a reforma deste artigo tivese que ver algo coa democracia ou tivese que ver co respecto ás minorías, o noso grupo parlamentario, por razóns de tipo político, tamén cambiaría ou reconsideraría a súa posición. Pero non ten nada que ver con isto. Do que se trata simplemente é de mante-la normativa, que é necesaria nas escolas, e nós pensamos que non se pode introduci-lo caos nelas.

Votamos que si, porque naturalmente consideramos o exemplo que nos acaba de presenta-lo señor

Guerreiro<sup>1</sup>. Claro que se pode dar esa circunstancia se nos metemos na casuística pódense xerar supostos do máis pintoresco por un lado e por outro. O importante é o que se pretende basicamente coa normativa. Pero mesmo con respecto de exemplos que nos pon o señor Guerreiro, non hai dúbida de que pode haber unha Mecánica Cuántica escrita en galego reintegrado, non oficial. Pero o que estamos discutindo aquí non ten nada que ver con textos sobre Mecánica Cuántica, senón co texto do ensino do galego. Naturalmente, todo o mundo é libre de escribi-lo que queira sobre o que queira. Pero estámonos referindo única e exclusivamente ao ensino do galego, e iso hai que facelo nunha normativa oficial. Creo que é evidente.

Máis nada. Moitas grazas.

1. Anxo Guerreiro Carreiras (1945-2013) foi dirixente do Partido Comunista de Galicia, era deputado no Parlamento de Galicia, elixido nas listas deste partido pola provincia da Coruña. Como único deputado do PCG, formaba parte do Grupo Mixto.

# APOIO A UNHA PROPOSICIÓN DE LEI DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O USO DO GALEGO NO ENSINO

## *Comentario á intervención 6*

A intervención proferida no pleno de 11 de decembro de 1984 responde, novamente, a unha iniciativa de Camilo Nogueira, quen presentara unha proposición de Lei de desenvolvemento da Lei de normalización lingüística, no referente ao uso do galego como lingua vehicular no ensino<sup>1</sup>. Esta proposta de Lei pretendía cubrir o que percibía como inconcrecións do Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que desenvolvía para o ensino as previsións da LNL, aprobada tres meses antes<sup>2</sup>. En substancia, o devandito decreto prevía que no nivel preescolar e no ciclo inicial da Educación Xeral Básica, a lingua vehicular no ensino debía ser “a lingua materna

1. Publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 335, de 16 de outubro de 1984, pp. 7314-15.

2. Reproducido en *Lexislación sobre a lingua galega*, 1984, pp. 27-28.

predominante entre os alumnos” (art. 2º.2) e dispuña que nos demais niveis de ensino, fóra das materias de Lingua Galega e Castelá (en que se usaría a respectiva lingua) “usarase indistintamente o galego e castelán, se ben o respectivo Consello de dirección, órgano superior competente ou departamento haberá de arbitrar un equilibrio na utilización dun ou outro idioma” (art. 2º.3).

Na exposición de motivos da proposta de Lei de Camilo Nogueira, criticábase que no decreto “non se sinalan os pasos a dar cara á galeguización global do conxunto da educación e da vida administrativa dos centros de ensino do país permanecendo inconcreto o artigo 2º.3 do Decreto citado”. Xa no pleno en que defendeu a súa proposta, o dito deputado argumentou:

Esta lei que proponho é necesaria precisamente para que se cumpra a Lei de normalización lingüística [... que] actualmente está claramente incumplida [...] A lei que proponho é unha lei eminentemente práctica que responde á situación; unha lei que trata de planificar e concretar o uso do galego no ensino; unha lei que ten en conta que actualmente —contra o que di o decreto da Xunta de Galicia— non se produce en absoluto un uso equilibrado do galego e do castelán no ensino. Queremos que se produza ese equilibrio, e que estea orientado a que no futuro a lingua primeira do ensino sexa o galego, tal como lle corresponde.

Na réplica do conselleiro de Educación e Cultura (Víctor M. Vázquez Portomeñe), este retrucou que o decreto da Xunta era máis favorable ao galego cá proposta de Nogueira, e que “non se pode legislar sobre o que está xa legislado con moita maior claridade e entendemos que con moita maior precisión”, advertindo que “os

hábitos da sociedade esixen unha terrible prudencia [...] non sexa que o noso apresuramento produza por parte da sociedade un desbotamento que nos arrede desas metas que todos no Parlamento, sen excepción, tratan de conseguir”. Despois da réplica do conselleiro foi cando se produciu a intervención de Carlos Casares a favor da proposición de Camilo Nogueira. Posteriormente, intervirían Adolfo de Abel Vilela (Alianza Popular), en contra, e Antonio Olives Quintas (Coalición Galega) a favor. Finalmente, a toma en consideración da proposición de lei foi rexeitada por 14 votos a favor, 29 en contra e 1 abstención.



PARLAMENTO DE GALICIA  
GABINETE DA PRESIDENCIA

TITULO LIMIAR

DISPOSICION XERAL.

A presente <sup>lei</sup> ten a finalidade de facer normal o uso da lingua galega en tódolos ámbitos da vida social de Galicia.

Conforme ó disposto no [artigo 5º do] Estatuto de Autonomía, e tendo en conta a realidade lingüística de Galicia, son obxectivos da presente Lei:

*Anticostitucional?*

*[Suprimir oportado?]*

- a) a) Facer efectivo o uso da lingua galega <sup>en tódolos ámbitos da vida pública.</sup> en tódolos ámbitos da vida pública. *(como lingua propia de Galicia)*
- b) b) Fomenta-lo uso do galego por parte de tódolos cidadáns. de Galicia. *→ e*
- c) c) Garantiza-la igualdade do galego e do castelán, ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia.

Anotacións de Carlos Casares  
á proposición de  
Lei de Normalización Lingüística

Documento cedido pola  
Fundación Carlos Casares

[APOIO A UNHA PROPOSICIÓN DE LEI  
DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
PARA O USO DO GALEGO NO ENSINO]

*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 95,  
pp. 6108-09  
Sesión plenaria de 11 de decembro de 1984

Señor presidente, señores deputados, imos defender un pouco unha causa perdida que trae aquí o señor Nogueira, e imos apoiala unicamente por razóns de tipo testemuñal<sup>1</sup>. É dicir, porque nos parece ben a política que o señor Nogueira vén desenvolvendo neste Parlamento a favor da lingua, e a preocupación constante das súas intervencións respecto dun problema que ao noso grupo parlamentario lle preocupa tamén fundamentalmente.

De tódolos xeitos, estimamos que a proposición concreta do señor Nogueira ten uns flancos demasiado débiles,

1. Refírese á “Proposición de lei sobre o desenvolvemento da Lei de normalización lingüística, no referente ao uso do galego como lingua vehicular no ensino”, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* 335, 16 de outubro de 1984, pp. 7314-7315.



no sentido de que en primeiro lugar non debía ser unha proposición de lei, dado que xa existe unha Lei de normalización lingüística e, polo tanto, o desenvolvemento desta Lei de normalización debía ser un desenvolvemento regulamentario e non a través dunha nova lei; niso coincidimos coa crítica que acaba de face-lo señor conselleiro.

Por outra parte, estimamos que esta lei non lle engade substancialmente nada ao decreto de setembro do ano 1983<sup>2</sup>. Probablemente o único que lle engade é esa obrigatoriedade establecida no artigo 1 de que se distribúa a utilización do galego como lingua vehicular no ensino ao 50 por cento. Nisto coincidimos substancialmente no fondo co señor Nogueira, na vontade de que, efectivamente, tal como se establece no Decreto de Normalización Lingüística, hai que chegar a este utópico ou quizais —non sei se calificalo de idealista— equilibrio ao 50 por cento, que introducímo-los que participamos na redacción desta lei para facer equilibrios constitucionais, posto que era difícil primar unha lingua sobre outra. A verdade é que, ao final, a través do decreto, resulta fácil que os nenos que teñen como lingua materna o galego continúen o resto do ensino a través da súa lingua materna.

De tódolos xeitos, insisto, creo que o procedemento de utilizar unha nova lei para desenvolve-lo que existe xa dictaminado por outra lei non nos parece correcto. Pero, por razóns puramente testemuñais, ímoslle dicir que si ao señor Nogueira e imos apoiar esta proposición de lei.

Moitas grazas.

2. Refírese ao decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983 de normalización lingüística.

INTERVENCIÓN E RÉPLICA  
Á COMPARECENCIA DO CONSELLEIRO  
DE EDUCACIÓN PARA INFORMAR  
DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA  
DESENVOLVIDA POLA XUNTA  
DE GALICIA

*Comentario ás intervencións 7 / 8*

**A** intervención de Carlos Casares na sesión plenaria de 16 de abril de 1985 produciuse co gallo da comparecencia do conselleiro de Educación e Cultura, Víctor M. Vázquez Portomeñe, para informar da política lingüística desenvolvida pola Xunta, solicitada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. O conselleiro fixo un repaso polas normas legais aprobadas desde 1982, salientou a creación da Dirección Xeral de Política Lingüística (novembro de 1983) e enumerou unha serie de iniciativas, tales como a organización de cursos de lingua galega para ensinantes e outros colectivos (funcionarios da administración, xornalistas...), a posta en marcha dunha campaña de normalización lingüística (a célebre campaña “Fálalle galego”, en que o propio Carlos Casares participara), a subvención de

suplementos escolares e mais o financiamento dun curso de lingua galega publicado en *La Voz de Galicia, Galego coloquial*.

Na súa réplica, Carlos Casares criticou a carencia dunha visión global e dunha auténtica planificación lingüística. Despois del, Camilo Nogueira engadiría a imputación de “falta de vontade política” da Xunta, problema que cualifica de “grave, porque o tempo xoga en contra, e as inercias tenden á desnormalización”. Nogueira sinalaba que a política lingüística non podía limitarse ao ensino, e apuntaba tres problemas básicos: incumprimento da Lei por parte da Xunta; ausencia de criterios, e mesmo de estudos lingüísticos; e carencia de instrumentos administrativos e institucionais, incluso orzamentarios. Pola súa banda, o deputado A. Olives Quintás (Coalición Galega) abundou nas observacións dos dous oradores que o precederan, reclamando ademais que a Dirección Xeral de Política Lingüística pasase á Consellería da Presidencia. Pola contra, A. Abel Vilela (AP) felicitou o conselleiro e agradeceu o labor desenvolvido polo equipo da Consellería, recoñecendo a precariedade de medios con que traballaba.

Para abrir a última quenda fixo uso da palabra novamente o conselleiro, afirmando que varios dos oradores que o precederan (a alusión a Casares parece obvia) “son testemuñas dun esforzo fondo, dunha tarefa difícil, fronte á cal existe unha sensibilización, pero por amplos sectores da sociedade galega, en contra”. Alegou que para encamiñar a normalización do galego os apresuramentos podían ser contraproducentes (“por favor, non nos pidan que fagamos todo en tres días”) e insistiu: “A nosa vocación é o vieiro da sensibilización e da per-

suasión”. Concluíu afirmando que chegar ao “obxectivo final vaille levar a esta xeración anos, e probablemente a próxima sexa a que, definitivamente, remate a tarefa”. Finalmente, viñeron as réplicas de Casares e Nogueira e a última intervención do conselleiro. O conxunto do interesante debate ofrece un vivo testemuño das inquedanzas que comezaban a manifestarse acerca das limitacións da política lingüística da Xunta, nomeadamente, a carencia dunha programación global e planificada.



[NA COMPARECENCIA DO CONSELLEIRO  
DE EDUCACIÓN PARA INFORMAR DA  
POLÍTICA LINGÜÍSTICA DESENVOLVIDA  
POLA XUNTA DE GALICIA]<sup>1</sup>

*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 110,  
pp. 7368-72  
Sesión plenaria de 16 de abril de 1985

**S** eñor presidente, señoras e señores deputados, o noso grupo parlamentario solicitou esta comparecencia do señor conselleiro de Educación e Cultura<sup>2</sup> cando se van cumprir xa dous anos da aprobación, por parte desta cámara, da Lei de normalización lingüística.

1. Resposta á intervención de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, conselleiro de Educación e Cultura, que fora ao Parlamento a informar da política lingüística desenvolvida pola Xunta de Galicia, a solicitude de dezaseis deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
2. Detiña o cargo Víctor Manuel Vázquez Portomeñe (1934), que fora un dos redactores da proposta de anteproxecto de Estatuto coñecido como *Estatuto dos 16*. Fora elixido para o Parlamento

A Lei de normalización lingüística, como vostedes saben moi ben, veu introducir unha situación nova, de acordo coa creada no marco xeral político do país, coa aprobación da Constitución de 1978. Ata esa data, a defensa da lingua galega correspondía única e exclusivamente a actitudes máis ou menos particulares, máis ou menos privadas. Pero, a partir da aprobación do Estatuto de Autonomía e co reparto do poder que se opera coa Constitución de 1978, é xa a propia Comunidade galega a que conta e a que dispón dun marco xurídico que lle permite defender no terreo institucional os seus propios valores culturais, entre eles fundamentalmente a lingua.

O debate que nós solicitamos é para ver como imos neste tema da normalización. É dicir, en dous anos cremos que debe haber realizacións de abondo que nos permitan valorar, facer unha avaliación clara do que supuxo a entrada en vigor da Lei de normalización lingüística e das realizacións conseguidas.

O señor conselleiro de Educación acaba de facer un relatorio das actividades realizadas pola súa Consellería neste terreo que, como queda moi claro, a través da súa exposición, se circunscriben case exclusivamente ao ámbito educativo e ao ámbito do ensino da lingua galega.

De tódolos xeitos, como vostedes saben moi ben, cando se regulou, a través da Lei de normalización lin-

de Galicia nas listaxes da Unión do Centro Democrático, e, cando este partido se esfarelou pasou ao grupo Independente (9 de setembro, 1983) pero previamente xa pasara a ocupar a Consellería de Educación no gabinete presidido por Gerardo Fernández Albor (1983-86). Posteriormente, seguiu unha dilatada carreira política no Parlamento e na Xunta de Galicia.

güística, o uso do galego en Galicia, pensábase fundamentalmente en tres ámbitos. Un deles, fundamental, o educativo, pero tamén o da Administración autonómica e a Administración periférica, e igualmente os medios de comunicación.

A través do relato do señor conselleiro, eu a conclusión que saco —e dígoo con toda claridade e con toda honestidade— é que a Xunta de Galicia non ten unha política de normalización lingüística. Non dubido que a Xunta de Galicia leva feito cantidade de actuacións a favor da lingua galega. Creo que a través da exposición do señor conselleiro isto queda claro, eu non o discuto, nin creo que ningún deputado desta cámara o discuta. Agora ben, nós o que nos plantexamos aquí en serio é o problema da normalización.

O problema da normalización significa fundamentalmente facer unha planificación lingüística, e a planificación lingüística é o que non se fixo. Creo que non se fixo probablemente por falta de asesoramento, por falta de reflexión sobre o problema. Porque planificar algo significa, en primeiro lugar, unha serie de actuacións de tipo metódico, cunha serie de definicións de estruturas de programas, por exemplo, e disto é do que carecemos, é dicir, do que carece a Comunidade autónoma a través da política do Goberno.

Creo que estamos a tempo de rectificar. Ademais, penso que se o Goberno non fai unha política de planificación lingüística, todo o que se está a facer, ao final terá unha rentabilidade limitadísima, porque non temos definidos os obxectivos aos que queremos chegar. Creo que, neste momento, a Xunta de Galicia tiña que plantexarse respecto da recuperación do galego como lingua propia



de Galicia, qué é o que queremos facer, onde queremos chegar. ¿Queremos recupera-lo galego ao 50 por cento co castelán? ¿Recupera-lo galego como lingua primeira de Galicia e o castelán unicamente como lingua oficial do Estado? É dicir, que se definan os obxectivos aos que queremos chegar estratexicamente.

Isto é absolutamente necesario, porque se nós non sabemos onde queremos chegar, tódolos medios que empreguemos poden ser medios contraproducentes, aínda que estean feitos con toda a boa fe do mundo.

Fai falla definir estratexicamente cal é o obxectivo final. O obxectivo é —segundo a Lei de normalización— a recuperación do galego como lingua propia de Galicia, pero en tódolos ámbitos, non só no ensino, senón tamén na Administración pública ou na Administración autonómica, e tamén nos medios de comunicación.

Debemos decidir estes obxectivos finais. Debemos, ademais, te-la posibilidade de coñecer cales son os datos reais do problema lingüístico en Galicia actualmente, que non os coñecemos aínda. A estas alturas debía estar presupostada unha cantidade de diñeiro que permitise facer un estudo sociolóxico da realidade actual da lingua en Galicia. Os datos que estamos manexando teñen xa unha certa antigüidade. Por exemplo, os datos de Margarita Ayestarán e de Justo de la Cueva<sup>3</sup> teñen non menos de dez anos. Hai un estudo posterior, patrocinado pola

3. Refírese a un estudo realizado polos sociólogos Margarita Ayestarán Aranaz e Justo de la Cueva: *Las familias en la provincia de Pontevedra en 1974. Galleguidad y conflicto lingüístico gallego*. Sevilla: Instituto de las Ciencias de la Familia, [1974].

Fundación Barrié de la Maza, no que aparecen datos interesantes: por exemplo, que en Galicia unha inmensa maioría do país segue falando galego habitualmente, máis do 76 ou 80 por cento, segundo as circunstancias.

Nese estudo, ao que me estou referindo, feito polo Departamento de Socioloxía da Universidade de Santiago, aparecen datos moi interesantes. Vese a través do mesmo que actuacións privadas, non institucionais, feitas a través de agrupacións culturais, de editoriais, a través dos propios partidos políticos nacionalistas, e logo de tódolos partidos políticos que acabaron asumindo o ideario galeguista posteriormente, e facendo do galego lingua de práctica habitual no seo dos seus propios partidos, sobre todo utilizándoo cara ao exterior, non impediron a perda de falantes do galego a favor do castelán. Non parou o proceso de substitución do galego polo castelán, pero o que fixo foi retardalo, ralentizalo.

Isto quere dicir que, se a actuación se fai non a través de institucións privadas sen medios, senón a través do Goberno cos medios que pon o presuposto da Comunidade autónoma ao servizo dunha planificación lingüística, o problema é reversible. É dicir, non só se pode ralentiza-la substitución, senón que se pode parar, se pode impedir, e tamén se pode recupera-lo galego como lingua propia de Galicia. Creo que isto non é posible se non facemos en primeiro lugar un estudo da realidade lingüística do país, da realidade social do país respecto da lingua. Carecemos disto que é elemental. Sen isto non podemos facer unha planificación seria. Unha vez que contemos con estes datos, un libro branco sobre o problema da lingua —pódese chamar de calquera maneira—, estamos en condicións de planificar, estamos en condicións de definir

obxectivos finais, onde queremos chegar e que medios imos empregar para chegar aí.

E, ademais, debemos periodicamente, con carácter anual, ben sexa dentro do propio Parlamento, ben sexa dentro da Administración autonómica, valora-los camiños seguidos. ¿Os obxectivos estratéxicos correspondentes a ese ano, ou correspondentes a un período maior, vanse cumprindo? ¿Onde hai que incidir? ¿Onde están os focos de resistencia, por exemplo? ¿Cales son os elementos que impiden que o galego se recupere? Isto hai que estudalo, hai que definilo.

Neste momento, Galicia, ademais, ten a experiencia doutros países. O problema lingüístico non lle afecta só ao Estado español, non lle afecta só a Cataluña, Galicia e o País Vasco. En Europa, hai un total de corenta linguas que teñen este problema; destas corenta, unhas trinta e tantas dentro da Comunidade Económica Europea.

Pois ben, estamos en condicións de ver que fixeron determinados países que teñen tamén problemas lingüísticos. Sen ir máis lonxe, Italia ten dentro das súas fronteiras once linguas, algunhas en estado de precariedade e algunhas en estado crítico. En Francia hai un problema que lle afecta a nove linguas. En Alemaña a tres linguas. Ou sexa, que é un problema bastante xeneralizado, aínda que desgraciadamente descoñecido.

Os países que teñen estes problemas afrontáronse a el con criterios distintos. Naturalmente, se estudámo-las estratexias desenvolvidas por cada un deles respecto do problema lingüístico, pois dámonos conta de que os resultados están en relación directa coa corrección dos programas das políticas realizadas.

Por exemplo, en Irlanda creouse un comité —Committee on the Irish Language— destinado a segui-lo proceso de normalización e da recuperación da lingua irlandesa. Acábase de fixar, hai apenas tres anos, un obxectivo: conseguir que para a fin de século un 20 por cento máis dos irlandeses de fala inglesa se recuperen para a lingua propia de Irlanda. Ten un obxectivo fixado, porcentuado, cun 20 por cento, e que se poderá revisar se se vai cumprindo ou se se deixa de cumprir.

Temos, por exemplo, algo que pode ser moi ilustrativo para nós: a situación na que se atopa o alemán como lingua crítica e minoritaria na Alsacia francesa, e o alemán no Alto Adigio italiano. Se comparámo-la mesma lingua en dúas situacións distintas, os resultados son diametralmente opostos. En Francia, cunha política lingüística que non se pode pór como exemplo, nin sequera a un país coma o noso, a través dunha política pouco responsable, unha política que respecto das linguas minoritarias está a anos luz da nosa realidade no momento actual, polo menos coa Lei de normalización que temos nas mans.

Pois ben, o problema do alemán na Alsacia francesa é crítico. Por exemplo, teñen dúas horas de radio en alemán á semana. Ademais, o ensino do alemán aos nenos alsacianos é puramente facultativo, a petición dos nenos, nin sequera é obrigatorio a ningún nivel.

A realidade é totalmente distinta se a comparamos co Alto Adigio, que desde o ano 1946 ten unha política lingüística perfectamente definida e desenvolvida. No Alto Adigio, o alemán é a única lingua en situación precaria dentro dunha comunidade non alemana que non perdeu falantes desde principios de século. Pero, claro, se

analizámo-los problemas de recuperación lingüística empregados no Alto Adigio, atopámonos que hai vinte horas diarias de radio en alemán. O ensino do alemán é obrigatorio no ciclo primario e secundario. Polo tanto, os resultados son obvios, porque se fai unha política perfectamente estruturada, perfectamente planificada e perfectamente definida.

Creo que é urxente que en Galicia se planifique. Non podemos seguir así, porque corrémo-lo risco de estar gastando diñeiro, e que ao final non teñamos unha lingua recuperada. Podemos estar tirando millóns de pesetas con toda a boa fe do mundo e, ao cabo dos anos, o que pretendiamos —que era recupera-lo galego como lingua— non se produce.

Non se produce porque non hai unha estratexia, non hai unha planificación. Creo que hai boa vontade —e non o dubido—, pero non hai planificación. Ás veces non hai sensibilidade. Gustaríame ver aquí máis conselleiros sentados. Síntome moi orgulloso de que estea o señor presidente, pero gustaríame que nun debate sobre a lingua estivesen aquí máis conselleiros.

Quería dicir, entre outras cousas, que se, por exemplo, tivésemos unha planificación lingüística clara, iso que nos chega aos deputados tantas veces, “el conselleiro de tal”, estaría feito en galego. Tamén me dixeron —o señor presidente saberá se é certo ou non— que os consellos da Xunta se celebran en castelán. Claro, pódense empezar a celebrar en galego mañá. Basta que o señor presidente llo pida aos conselleiros e probablemente se empecen a celebrar en galego. Pero isto depende unicamente da boa vontade do señor presidente ou dos señores conselleiros.

Creo que se houbese unha planificación lingüística clara, un dos obxectivos sería a recuperación do galego na Administración, incluídos os consellos da Xunta de Galicia. Ao estar fixado por escrito resolveríase perfectamente sen que dependese de vontade ningunha.

Polo tanto, creo que o problema é serio e grave. Non digo que non se tomasen accións encamiñadas a favorece-lo desenvolvemento da lingua, a recuperación da lingua, pero non hai unha política lingüística planificada, e isto creo que é algo moi grave que hai que resolver.

Pídolle, desde aquí, á Xunta de Galicia que resolva este problema. Ademais, creo que no artigo 22 da Lei de normalización lingüística se lle esixe en certa maneira á Xunta de Galicia, se lle pide ou se lle encomenda, a dirección da normalización lingüística e o seguimento do proceso. Creo que hai que desenvolver este artigo 22; é fundamental. É dicir, creen vostedes algún tipo de organización. Hai no país cantidade de xente competente que os podería axudar. Considero necesario que creen algo. Non sei o que; algún tipo de organismo no que poden contar vostedes sen dúbida ningunha coa colaboración de moitos profesionais do país relacionados co problema da lingua. E, a través disto, fagan unha planificación, e fíxense obxectivos. Estamos todos dispostos a colaborar niso.

Moitas grazas.



O Grupo Socialista na sede  
parlamentaria de Fonseca

[RÉPLICA AO CONSELLEIRO  
DE EDUCACIÓN SOBRE A POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA DESENVOLTA POLA XUNTA  
DE GALICIA]

*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* 110,  
p. 7382  
Sesión plenaria de 16 de abril de 1985

**M**oi brevemente, señor presidente.  
Creo que a miña intervención non merecía, honestamente, a réplica do señor conselleiro. Creo que deturpou abertamente e con certa malicia as miñas palabras. Desde logo, a expresión utilizada por vostede “que non me quixen mollar”, está absolutamente en contra da miña conducta<sup>1</sup>. Simplemente dixeran que había que defini-los obxectivos e onde queremos chegar.

1. O conselleiro queixárase na súa réplica de que se lle esixise “á Xunta de Galicia de que, no prazo escaso de dous anos, ten que acadar o milagre de que todos os galegos usen como primeira lingua a súa propia e que no estamento educativo se asuma absolutamente, de que, en realidade —e sobre isto si que gardou aquí fondo silencio—, ha de ser a primeira lingua. Gardouse fondo



Non dixen se queriamos chegar a que o galego fose a primeira lingua de Galicia ou a segunda. Simplemente dixen que había que definir onde queriamos chegar. Eu non dixen onde quería chegar eu persoalmente, aínda que sei moi ben onde quero chegar. Díxeno así, e creo que toda a cámara é testemuña, señor conselleiro.

E respecto da miña crítica, que creo que foi exposta con toda honestidade, con toda claridade e con toda responsabilidade, porque eu teño máis responsabilidade ante a lingua ca ante o respecto que me merece toda a Xunta de Galicia, incluído o señor presidente, coa amizade do cal me honro desde hai anos.

E non foi unha crítica á súa laboura concretamente, exclúoo a vostede. Centreime en algo que creo que é o obxectivo: que non hai unha planificación lingüística. E cando vostede me di que é planificación lingüística os cursos de galego, non é certo. Vostede sabe moi ben que non me refiro a iso. Estoume referindo exclusivamente a crear un centro de planificación e que planifique, e vostede sabe moi ben o que significa planificar.

Moitas gracias.

silencio, porque non se formularon preguntas como: ¿Ha de ser a primeira lingua? ¿Ha de estar parificada co castelán? Parece que os oradores non quixeron mollarse e dicir abertamente o que nos di a Constitución”.

# ÍNDICE



Carlos Casares, Alfredo Conde  
e Ramón Piñeiro

© Xurxo Lobato

## PRÓLOGO

*Miguel Ángel Santalices Vieira* ..... 7

## CARLOS CASARES NA POLÍTICA: DO COMPROMISO INTELLECTUAL Á ACCIÓN INSTITUCIONAL

*Henrique Monteagudo* ..... 9

## INTERVENCIÓNS DE CARLOS CASARES NO PARLAMENTO DE GALICIA

*Comentario ás intervencións 1 / 2* ..... 23

1. [APOIO Á REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA  
DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O GALEGO] ..... 27

2. [EXPLICACIÓN DE VOTO Á MOCIÓN PARA  
A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA  
DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O GALEGO] ..... 31

*Comentario á intervención 3*..... 35

3. [PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN  
PARLAMENTARIA PARA A ELABORACIÓN  
DUNHA LEI DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA DE GALICIA] ..... 39

<i>Comentario ás intervencións 4 / 5</i> .....	45
4. [CONTRA A PROPOSICIÓN NON DE LEI DE MODIFICACIÓN DO DECRETO SOBRE NORMATIVIZACIÓN DA LINGUA GALEGA] .....	49
5. [EXPLICACIÓN DE VOTO EN CONTRA DA PROPOSICIÓN NON DE LEI DE MODIFICACIÓN DO DECRETO SOBRE NORMATIVIZACIÓN DA LINGUA GALEGA] .....	59
<i>Comentario á intervención 6</i> .....	61
6. [APOIO A UNHA PROPOSICIÓN DE LEI DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O USO DO GALEGO NO ENSINO] .....	65
<i>Comentario ás intervencións 7 / 8</i> .....	67
7. [NA COMPARECENCIA DO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN PARA INFORMAR DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DESENVOLVIDA POLA XUNTA DE GALICIA] .....	71
8. [RÉPLICA AO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN SOBRE A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DESENVOLTA POLA XUNTA DE GALICIA] .....	81

ESTE LIBRO  
CARLOS CASARES NO PARLAMENTO DE GALICIA  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
EN GRÁFICAS LASA, S. L.  
O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2017



Carlos Casares Mouriño foi deputado na I Lexislatura do Parlamento de Galicia (1981-1985). Este libro elaborouse a partir das intervencións parlamentarias (en Pleno) de Carlos Casares publicadas no *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* (DSPG). Os textos reproducen fielmente os publicados no DSPG. O traballo complétase con fotografías que recollen diferentes momentos do seu labor parlamentario e cun estudo introdutorio elaborado polo académico Henrique Monteagudo.



ISBN 978-84-7836-118-2



9 788478 361182